

VIII Xornada dos Clubs de lectura

“Clubs que crean vínculos”

María Sánchez Cid

IES Allariz

AGRADECEMENTOS

- *Asesoría de Bibliotecas Escolares*, en especial a **Loli, Asesora de Ourense**, pola súa implicación en todas as actividades que se levaron a cabo no centro.
- *Coordinadoras dos clubs de lectura do 1º e 2º ciclo (Olga, Asunción, Dolores, Belén, María Luisa, Rebeca, Manuela...)* que ao longo destes anos, coa súa dedicación fixeron posible esta e outras actividades.
- Dun xeito especial a **Almudena Platero, coordinadora do Club de lectura do IES Ferro Couselo**, por ofrecerme a posibilidade de participar nas tertulias de Ourense, que en principio estaban destinadas só a centros da cidade e grazas ó seu empeño puidemos comezar a participar nelas algúns centros das vilas.
- *Coordinadoras dos clubs de lectura de Xinzo de Limia, Maceda, Celanova, Bande ...* que pouco a pouco se foron incorporando a este proxecto e permitiron crear vínculos literarios e persoais entre o alumnado e o profesorado de distintas zonas do contorno.
- **Finalmente, as Entidades locais** (Concello, librarías, asociacións culturais e , en especial aos colexios de primaria de Allariz e Xunqueira de Ambía) que colaboraron de distintos xeitos neste e noutros proxectos co noso centro desde a Biblioteca.

CURSO 2008-2009:

AS ORIXES

-**Experiencias lectoras** durante o curso 2007-2008 nas materias de **Linguas en 1ºESO** coa dedicación dunha hora de lectura libre á semana. Orixe da futura “**Hora de Ler**”

-Curso 2008-2009: **Entrada no PLAMBE. Axuda dos Clubs de Lectura.**

- **Inicio do club de lectura: 2º trimestre (xaneiro de 2009)**

- *2 Clubs de lectura:*

-“**O Acomodador**” (1º e 2º ciclo da ESO). No propio centro

- “**Lecturas Solidarias**” (Bacharelato e persoas adultas). Fóra do centro.

-*Proxección dos Clubs de lectura cara ó exterior* coa *Biblioteca Social INTEGRATEX* (pioneira en España. Coordinada por persoas discapacitadas e especializada en libros de temáticas social).

-*Creación de blogs para cada club conectados co Blog da Biblioteca:*

-<http://www.blogoteca.com/biblioiesallariz/>

“O ACOMODADOR”

(Obra homónima de Marcial Suárez, escritor da vila de Allariz)

- Inicio en xaneiro de 2009.
- *1º e 2º ciclo da ESO.*
- **Coordinado por 4 profesores** do centro.
- *Altéranse lecturas en galego e castelán.*
- *Reunións 1 vez á semana durante os recreos (10-15 minutos).*
- Fondos:
 - *Adquiridos* con axuda económica do **Club de Lectura** pasan á **Biblioteca do centro.**
 - *Intercambio de libros* con outros centros a través da páxina “**Libros a oito**” ou a través do **contacto directo** con centros do contorno (Xinzo de Limia).
- **Blog propio: “Allarlibros”:** (<http://www.blogoteca.com/allarlibros>).



Club de lectura 2º ciclo

Club de lectura 1º ciclo



“LECTURAS SOLIDARIAS”

(Nome derivado do carácter social do club)

- Inicio o 7 de marzo de 2009 (homenaxe á “Muller traballadora”). **Marilar Aleixandre** inaugura o club coa obra **A cabeza de Medusa**.
- **Bacharelato e adultos** (pais e persoas do contorno).
- **Coordinado** polas responsables das *bibliotecas do IES de Allariz e da Biblioteca Social INTEGRATEX (proxecto pioneiro en España)*.
- *Lecturas en galego e castelán de contido social* (discapacidade...).
- *Reunións 1 vez ao mes (sábado pola tarde no local da Biblioteca social)*.
- Fondos adquiridos a medias polas 2 bibliotecas. Quedan depositados a partes iguais nas 2 bibliotecas.
- **Blog propio:** (<http://www.lecturasolidarias.blogspot.com/>)



Marilar Alexandre “madrinha” do noso club

As coordinadoras cos alumnos participantes



CURSO 2009-2010

- Creación do *Club de lectura de profes e persoal non docente*.

Blog propio (<http://clubdelecturarizalla.blogspot.com/>)

- Participación por 1ª vez nas “**Tertulias do Liceo de Ourense**”, xunto co **IES Lagoa de Antela. Alumnado de 4º e 1º de Bacharelato**.

Desenvólvense no 2º e 3º trimestre e fanse 1 lectura en galego e outra en castelán.

- **Intercambio de libros, gastos (autobús) entre os clubs.**

“Club de lectura de profesores e persoal non docente”



1ª TERTULIAS LITERARIAS EN OURENSE

(IES ALLARIZ/IES LAGOA DE ANTELA)



Tertulias en galego A cabeza de Medusa

Tertulias en castelán Zara y el librero de Bagdad



CURSO 2010-2011

- **Tertulias Literarias en Ourense** (*IES Allariz, IES Lagoa de Antela, IES Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia*). Compartimos gastos de autobús entre os 3 centros.

- **Intercambio de libros** entre outros centros que dá lugar á planificación de **actividades conxuntas** e encontros entre os clubs:

Excursión Didáctica a Vigo (28 abril 2011):

IES Allariz/IES Cidade de Antioquía

Encontro de clubs de lectura en Allariz de 3 clubs (2 maio 2011):

IES Cidade de Antioquía, IES Guntín de Lugo e Universidade Laboral).

- **Proxección cara ó exterior do noso club de lectura coa participación no “Premio San Clemente” para alumnado de 2º de bacharelato** organizado polo IES Rosalía de Castro.

Contacto a través de **Almudena**, coordinadora do IES Ferro Couselo.

TERTULIAS LITERARIAS EN OURENSE

(IES ALLARIZ/IES LAGOA DE ANTELA/IES CIDADE DE ANTIOQUÍA)

Carlos Vila Sexto, As sete mortes/Ángeles Caso Contra el viento



TERTULIAS LITERARIAS

- IES Ferro Couselo
- IES As Lagoas
- IES Blanco Amor
- IES Otero Pedrayo
- IES Allariz
- IES Cidade de Antioquia
- IES Lagoa de Antela
- CPR Guillelme Brown

DATAS: 11-12 de maio
LUGAR: Liceo Rector Ourensano

ANGELES CASO
CONTRA
EL VIENTO

Concello de OURENSE Educación

ENCUENTROS DE CLUBS EN ALLARIZ

IES Allariz/IES Guntín/IES Universidade Laboral)



EXCURSIÓN CONJUNTA CLUBS DE LECTURA

(IES Allariz/IES Cidade de Antioquía)



PREMIOS SAN CLEMENTE 2010

Alumnado de 2º de Bacharelato de varios centros de Galicia



CURSO 2011-12

- **1ª Tertulia en Allariz, 14 de maio de 2012. NEIRA VILAS e Memorias dun neno labrego cun obxectivo claro: “*ser un elemento de dinamización cultural e contribuír ao fomento do idioma galego a través da lectura e encontro con autores galegos*”.**
- **Participan *80 alumnos procedentes de 5 centros (IES Allariz, IES Lagoa de Antela, IES Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia e IES San Mamede de Maceda).***
- **Actividade con proxección na vila (desenvólvese en diferentes lugares como “*A Casa da Cultura*”, “*Fogar dos Maiores*”...e acuden representantes de varias entidades (*Concellos de Allariz e Ourense, Librarías, asociacións culturais, colexios de primaria.*)).**

NEIRA VILAS “APADRIÑA” “Tertulias Literarias en Allariz”

Commemoración das “Letras Galegas” 2012 (14 maio)

O alumnado de Allariz e o visitante organizan varias actividades para homenaxear ao autor



NEIRA VILAS VISITA A BIBLIOTECA DO IES DE ALLARIZ



O alumnado entrevista a Neira Vilas na Biblioteca do IES de Allariz



As coordinadoras dos clubs e a Asesora de Bibliotecas Escolares de Ourense visitan a vila e o “Festival de Xardíns” despois dunha comida conxunta que comparten con Neira Vilas.



CURSO 2012-2013

- Organización das “**Tertulias literarias en Allariz**” no 1º Trimestre co obxectivo de completar o “**Ciclo de Tertulias**” de Ourense que se realizan no 2º e 3º Trimestre (unha en galego e outra en castelán).
- **Miguel Anxo Fernández** coa novela policiaca **Lume de Cobiza**. A tertulia desenvólvese en distintos lugares da vila (*Centro Social, Casa da Cultura...*).
- Participan os *2 centros de Xinzo de Limia, Maceda e Allariz*.
- **Colaboración das entidades locais** (librarías, asociacións, concello...).

Tertulia en Allariz no 1º trimestre

(19 novembro de 2013)

Miguel Anxo Fernández, Lume de Cobiza



CURSO 2013-14

- **1ª Tertulia Literaria Radiofónicas en Allariz na “Casa da Mocidade”.**
- **Santiago Lopo** coa súa obra **Hora Zulu**.
- **Combínanse as 2 modalidades:**
 - Un grupo de alumnos representantes de cada un dos centros, participa nunha ***Tertulia Radiofónica*** na que ademais **entrevistan** ao propio autor..
 - ***Simultaneamente*** faise noutra zona unha ***Tertulia tradicional*** co resto dos alumnos de cada un dos centros.
 - Finalmente, prodúcese un **Encontro co autor**..

TERTULIA RADIOFÓNICA

(27 novembro 2013)

Santiago Lopo, Hora Zulú



TERTULIA PRESENCIAL E ENCONTRO CO AUTOR



CURSO 2014-2015

Tertulia Literaria (26 novembro 2014)

Francisco Castro O Corazón de Branca de neve

Incorporación do alumnado de 3º ESO e do *IES “Aquis Querquenis” de Bande ás Tertulias*



CURSO 2015-2016

Obxectivo para o Futuro:

- Incorporación de novos centros de secundaria ás Tertulias de Allariz”.
- *Extensión das Tertulias aos colexios de primaria de Allariz e Xunqueira deAmbía* cos que levamos 2 anos colaborando estreitamente noutro tipo de actividades(*encontro con autores como Gonzalo Moure, concursos literarios, actividades en datas conmemorativas...*).
- **Tertulias conxunta para o alumnado de último ciclo de primaria (5º/6ª) e 1º ciclo de Secundaria (1º/2º ESO).**

CONCLUSIÓNS

- Gran **acollida da actividade entre o alumnado e profesorado dentro e fóra** do centro que cada ano amosa máis interese por participar.
- Inicio co alumnado de **4º ESO e 1º de Bacharelato** e extensión paulatina a outros niveis (**3º ESO**).
 - Gran demanda do alumnado por participar na actividades´.
 - Boa solución para evitar a desvinculación da lectura que se da frecuentemente na 2ª etapa de secundaria.
- Creación de vínculos literarios e afectivos entre o alumnado e profesorado dos distintos centros.
- Implicación das entidades locais (Concello, Asociacións, librarías...) que facilitan os medios para que se poidan levar a cabo (espazos, libros, agasallos...).

Gustaríame rematar esta exposición, facéndolle unha homenaxe moi especial á nosa compañeira, **María del Carmen Varela Sánchez, responsable da biblioteca de Viana do Bolo**, falecida, tristemente, durante este curso escolar, poucos días antes da **Tertulia de Allariz**, á que, ilusionada ía acudir por primeira vez co seu alumnado.

Tiven a oportunidade e a sorte de poder coñecer a unha persoa que cría que o ensino está máis alá dos contidos académicos e que vale a pena loitar cada día para ofrecerlle a oportunidade aos nosos alumnos de achegarse á cultura de tódolos xeitos posibles, sendo a lectura un deles.

Agradecéndolle ás persoas que fixeron posible este proxecto que creou, crea e creará “Vínculos de unión “ a través da lectura, despídome cunha fermosa cita do recién falecido **Eduardo Galeano**, quen, coma todos os que traballamos no mundo dos libros, cría que era posible loitar por un mundo mellor.

“ A utopía está no horizonte. Camiño dous pasos, ela alónxase dous pasos e o horizonte corre dez pasos máis alá. Entón para que serve a utopía? Para iso, serve para camiñar”.

EDUARDO GALEANO

CAMIÑEMOS POIS....